

Informe sobre viabilidade de instalación dunha planta de biogás e outras actuacións de ampliación da actividade industrial en solo rústico (Concello de Xunqueira de Ambia - Expediente XCP 23/019)

ANTECEDENTES

I.- O 15.03.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 2023/8567489) oficio do Concello de Xunqueira de Ambia no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a viabilidade da instalación dunha planta de biogás en solo rústico.

Segundo os datos que figuran entre a documentación achegada, plantéase a construción dunha planta de biogás co fin de absorber unha grande cantidade de residuos gandeiros e de diferente natureza, transformándoos en auga depurada, fertilizante orgánico e biometano, elixindo precisamente esa zona pola gran concentración de explotacións gandeiras na área da Limia.

Por outra banda, a entidade promotora pretende a expansión da súa industria, no referente á ampliación da súa actividade de matadoiro e despece de pavo, matadoiro e despece de porco Selecta, tratamento dos seus subproductos e depuración de augas residuais.

Achégase un plano no que se reflicte unha zona 6b, cunha superficie de 67.300 m² para a implantación da bioplanta; e outra zona 6, como previsión dun uso industrial de 220.500m².

II.- O 04.04.2023 o alcalde do Concello de Xunqueira de Ambia presentou no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 2023/1068852) un escrito no que concreta a consulta formulada e solicita informe sobre as seguintes cuestións:

"1- ¿Enténdese que unha planta de Biogás é un uso permitido en solo rústico de protección Agropecuaria (o pertencer a unha concentración parcelaria) segundo o artigo 35m da LSG? Outro uso solicitado na descrición é un matadoiro e sala de despece de pavo e un matadoiro e sala de despece de porco selecta. Neste caso existen dúbidas sobre a súa correcta ubicación neste tipo de solo.

2- En canto ás condicións de edificación en solo rústico (artigo 39 da LSG): ¿Existe algún tipo de parámetro excepcional a ter en conta debido ao uso solicitado?

3- En canto as distancias, tanto a núcleos de poboación como a explotacións gandeiras existentes: ¿Existe normativa que o regule expresamente?, xa que a LSG únicamente regula as distancias entre explotacións (artigo 39 g).

4- O tratarse dunha zona colindante coa ZONA PERIFÉRICA da ZEPA "A Limia", ¿existe algunha limitación ou normativa a ter en conta?"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo correspóndelle a este órgano a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Xunqueira de Ambia conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 10.10.2005, publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 24.10.2005 e no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* do 24.10.2005



A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte:

"1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:

[...]

d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo".

Polo tanto, ao solo rústico do Concello de Xunqueira de Ambía aplicarase o réxime xurídico establecido na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo *Decreto 143/2016, do 22 de setembro* (RLSG).

TERCEIRA.- A consulta municipal versa, en primeiro termo, sobre a viabilidade da instalación dunha planta de biogás en solo rústico de protección agropecuaria.

Unha planta de biogás é unha instalación ou infraestrutura de produción de enerxía deseñada para a recepción de residuos e restos orgánicos para o seu tratamento e conversión en biogás.

O artigo 35.1.m) da LSG, na redacción dada pola *Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, contempla entre os usos admisibles no solo rústico as *"instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, públicas ou privadas, e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren"*.

En consecuencia, a planta de biogás, entendida como unha instalación ou infraestrutura de produción de enerxía na que, así mesmo, se leva a cabo un proceso de xestión e tratamento de residuos, constitúe un uso admisible en solo rústico dos recollidos na letra m) do artigo 35.1. da LSG.

Segundo o artigo 36.1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, a actuación proposta resulta admisible en calquera categoría de solo rústico, logo da obtención do título habilitante municipal da natureza urbanística. En todo caso e, tratándose dun solo rústico de especial protección agropecuaria, tal e como se indica na consulta formulada, de conformidade co previsto no artigo 36.2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente (neste caso, da Consellería de Medio Rural), con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

CUARTA.- En segundo lugar, no escrito remitido, o concello traslada as súas dúbidas sobre a posible ubicación no solo rústico dun matadoiro e sala de despezamento de pavo e un matadoiro e sala de despezamento de porco Selecta.-

Porén, tal e como se reflicte no plano que se achega coa consulta, así como no escrito denominado *"documento previo"*, o que está a propoñer a entidade promotora é unha zona para uso industrial de 220.500 m², coa que pretende a súa expansión industrial, no referente á ampliación da súa actividade de matadoiro e despece de pavo, matadoiro e despece de porco Selecta, tratamento dos seus subprodutos e depuración de augas residuais. Á vista dos datos achegados, estas actuacións non terían encaixe entre os usos admisibles no solo rústico previstos no artigo 35 da LSG.

QUINTA.- En canto ás condicións de edificación en solo rústico, debemos indicar que a implantación dos usos e actividades enumerados taxativamente no artigo 35.1 da LSG, esixen o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 39 da LSG e concordantes do regulamento que a desenvolve.



SEXTA.- Respecto das distancias, tanto a núcleos de poboación como a explotacións gandeiras, nada se indica na LSG sobre as distancias que deben manter este tipo de uso con uns e outros, polo que deberá terse en conta o que sinale a normativa sectorial ao respecto.

Así mesmo e para concluír, en relación coas limitacións aos usos que poidan establecerse por estar en zona colindante coa zona periférica da ZEPA "A Limia" haberá que estar ao que estableza a normativa da delimitación da zona, en concreto o Decreto 411/2009, do 12 de novembro, polo que se declara a zona de especial protección para as aves de A Limia, así como a normativa específica sobre patrimonio natural e biodiversidade.

SÉTIMA.--En todo caso, a actuación pretendida, de acordo co establecido na LSG deberá ser obxecto de título habilitante municipal de natureza urbanística, correspondendo ao concello, no ámbito das súas respectivas competencias, valorar se a actuación prevista ten encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente, á vista do concreto expediente administrativo.

CONCLUSIÓN

1. A planta de biogás constitúe un uso admisible en solo rústico encadrable no artigo 35.1.m) da LSG. En todo caso, no solo rústico de especial protección, será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.
2. As actuacións propostas para a implantación dunha zona para uso industrial non terían encaixe entre os usos admisibles no solo rústico previstos no artigo 35 da LSG.
3. A implantación dos usos e actividades enumeradas no artigo 35.1 da LSG esixen o cumprimento das condicións xerais de edificación previstas no artigo 39 da LSG e concordantes do regulamento que a desenvolve.
4. A normativa urbanística non regula a distancia entre as plantas de biogás e os núcleos de poboación ou explotacións gandeiras existentes, polo que haberá que estar ao establecido na correspondente normativa sectorial.
5. As limitacións aos usos derivadas da situación da parcela nunha zona lindeira coa Zona periférica da ZEPA "A Limia" serán os previstos na normativa sectorial aplicable, nomeadamente o Decreto 411/2009, do 12 de novembro, polo que se declara a zona de especial protección para as aves de A Limia.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

